



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 37 – ABRIL-MAIO 2008

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos (Lugo)-Avenida da Fábrica da Luz s/n, 27004 Tfno.: 982 245 142

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32.660 – Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### CAMPAÑA DA RAPA 2008

A campaña da rapa 2008, realizada polo equipo de tosquiadores contratados por OVICA, esta a transcorrer con normalidade e segundo os prazos previstos ó inicio, e queremos aproveitar para agradecer a tódolos socios que rapan con OVICA a súa paciencia e colaboración.

Acordouse modificar os prezos dos dous primeiros tramos, quedando como segue:

Nº OVELLAS	€/ovella*
1-50	2,50
51-100	2,00
101-250	1,75
251-500	1,65
>500	1,55

\*: IVE 16% Incluído

Tamén houbo cambios na recollida da la, pois por motivos persoais Francisco Echeverry non puido facerse cargo, e será **Jacinto Álvarez** o encargado de realiza-la recollida de tódolos rabaños. Recordade que o prezo acordado é de **0,21 €/ovella**, que terá que aboar no momento da recollida. O seu numero de telefono aparece na carta referente á rapa enviada ó inicio da campaña.

Para mais información ou ante calquera incidente relacionado coa campaña de rapa, coa recollida da la, ou ben todos aqueles socios interesados en **volver a rapa-lo rebaño no outono** (finais de agosto-setembro), poñerse en contacto cos técnicos de OVICA.

### SOLICITUDE UNIFICADA 2008

Como ben sabedes, o 30 de abril rematou o prazo da Solicitud Unificada 2008, na que ademais de solicita-lo pago das primas de ovino e caprino, dos dereitos de pago único, dos cereais e das indemnizacións compensatorias, se puido realiza-lo Contrato de Explotación Sustentable (CES).

Pois ben, **pódense presentar solicitudes ata o 26 de maio**, se ben os importes da axuda reduciñanse nun **1%** por día hábil desde o 30 de abril, excepto en casos de forza maior ou circunstancias excepcionais.

### DESPARASITACION

Coa chegada do bo tempo proliferan os parasitos externos (garrapatas, piollos, pulgas...), que ademais de ocasionar un descenso no rendimento productivo dos animais, tamén poden transmitir outras enfermidades das que son portadores (lingua azul, babesia...).

Debemos aproveita-lo momento da rapa para realizar unha practica zootécnica sanitaria moi importante: **O baño antiparasitario** e a desinfección da parideira e das instalacións con algún dos produtos presentes no mercado para tal finalidade. Ponte en contacto cos técnicos de OVICA ou cos veterinarios da ASDG ACIVO.

### RAZAS: CABRA ANGLO-NUBIA



Femia

Macho

Raza caprina de gran tamaño e robustez (machos ata 140 kg, femias ata 110 kg). De aptitude principalmente leiteira, pero con una boa produción cárnica. Moi usada para elaboración de queixos e iogures.

Elevada fertilidade e prolificidade, a súa produción incrementase coa idade. Producións medias:

- Lactación: 1000-1200 kg
- M. Graxa: 4,84 %
- Proteína: 3,8 %

Os valores récord están en 2.531 kg por lactación e 8,25 kg en 24 horas.



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA - VENTA

- Véndese explotación de ovino/caprino, zona de Valdeorras, 350-400 cabras, nave 1.200 m2, maquinaria, oficina, enfermería, 58 Has de terreo. Tfno.: 988 335701
- Véndese rabaño de 287 dereitos e 240 ovellas en Sarria. Tfno.: 615 666 533 – 982 530 367
- Véndese rebaño 85 ovellas con años e 108 dereitos. Información: 982 177906 (Xermade)
- Véndense 25 ovellas e 60 dereitos. Tfno.: 982 362555
- Véndense 15 ovellas con años e 18 dereitos. Tfno.: 982 157931
- Véndense 5 ovellas e 1 macho. A Baña (A Coruña) Tfno.: 981 886 632
- Véndense machos Berrichon e Charolés (Cospeito) Tfno.: 636 793 390
- Véndense 70 cabras preñadas e cabritos, e 90 dereitos. Tfno.: 982 157544 – 660908915
- Véndense 100-150 cabras e 40 cabritas de recría. (Láncara- Lugo) Tfno.: 630 589 097
- Véndese mastín dócil 1 ano e medio, axeitado para gando ou finca. Tfno.: 676 403304 (M<sup>a</sup> Carmen)
- Véndense cachorros de mastín de 2 meses aprox.. (200 €) Tfno.: 629 086 879 (Dora)
- Véndese herba enrolada. Calvos de Randín (Ourense) Tfno.: 629 756 129
- Véndense 2 eguas en O Irixo. Tfno.: 988 361187 – 653 687 921
- Como Cabras S.C.G. (Castro Caldelas – Ourense) Tfno. 659083339 – 628474264, vende:
  - Venta de cabritos vivos, de poucos días, para criar na casa, 20 €/unidade
  - Véndense cabritas raza murciano - granadina para recría, 135 €/unidade
  - Vendese esterco de cabra
- Véndense años/as INRA 401 para recría. Neda (A Coruña) Tfnos.: 981359825 – 646 063 428
- Vendese macho de 2 anos para reproductor. (Castroverde – Lugo) Tfno.: 678489345
- Cédense ata 200 dereitos. Pilar (Maceda - Ourense) Tfno.: 649882625

## AXUDAS

### PLANS DE MELLORA e INCORPORACIÓNS

Orde do 15 de febreiro 08 (DOG nº 38)  
¡O prazo remata o 31 de maio de 2008!

### AXUDAS Ó SACRIFICIO OBRIGATORIO

Orde do 11 de marzo 08 (DOG nº 55) Axudas para a compra de gando bovino e ovino- cabrún para a reposición das reses como consecuencia do sacrificio obrigatorio. Prazo ata o 21 de novembro!

### AXUDAS A RAZAS AUTOCTONAS

Orde do 18 de abril 08 (DOG nº 79). Fomento de sistemas de produción de razas autóctonas en réximes extensivos. ¡Prazo ata o 24 de maio de 2008!

### ORDEN APA/165/2008, DO 31 DE XANEIRO

Axudas a titulares de explotacións para sufraga-lo custe dos avales concedidos pola Soc. Anónima Estatal de Caución Agraria e necesarios para obter prestamos para paliar os problemas de financiamento das explotacións debido ós problemas que atravesaba o sector.

### ACTIVIDADES FORMATIVAS

Proximamente realizarase en Allariz un **Curso de Ovino e Caprino de 250 horas**, valido para a obtención do Certificado de Aptitude Empresarial Agraria.

Mías información en OVICA ou na Fundación Ramón González Ferreiro (988436182)

Igualmente, nas próximas datas, organizarase un **Curso de Tosquiado** que se celebrará en Ortigueira, cunha duración de 2 días. Mais información en OVICA.

## PREMIOS

OVICA recibe un diploma da Universidade de Santiago de Compostela pola súa colaboración na docencia práctica da Facultade de Veterinaria no curso académico 2007-2008.

### Aprazada a Feira de Silleda 2008

A organización da Feira Internacional Semana Verde tomou a decisión de última hora de pospoñer a 31ª Edición deste certame agroalimentario e forestal de carácter internacional, que estaba programada do 11 ó 15 de xuño e que finalmente se celebrará do **12 ó 16 de novembro de 2008** en Silleda.

## ADSG ACIVO

Despois da inmejorable acollida polos socios do **servicio de distribución de medicamentos**, decidiuse ampliar a lista de produtos a distribuír pola ADSG ACIVO.

Tódolos produtos ofertados foron escollidos e son recomendados polo equipo de veterinarios pola súa eficacia e custe axustado.



**ADSG ACIVO**  
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira  
de ovino e caprino de Galicia

**OVICA**  
evolución na calidade